



[http://estudiosgalegos.wix.com/congreso\\_bosaires](http://estudiosgalegos.wix.com/congreso_bosaires)

## **SEGUNDA CIRCULAR**

### CHAMADA A COMUNICACIÓNS

**XI Congreso da Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG)**  
**Bos Aires (Arxentina)**  
**6-8 de abril de 2015**

## **OS ESTUDOS GALEGOS ANTE O CAMBIO SOCIAL E CULTURAL: IDENTIDADES NA FRONTEIRA, EMIGRACIÓN E EXILIO**

As relacións interculturais e as dinámicas de cambio social asociadas a elas son unha constante na historia de todas as culturas, pero nos últimos anos o proceso globalizador veu incrementando o seu ritmo e incidencia. Como resultado desta dinámica, foron aparecendo novos procesos que, polo seu carácter fronteirizo, son especialmente susceptíbeis de análise transcultural.

A cidade arxentina de Bos Aires, atravesada ela mesma por diversos fenómenos de intercambio cultural, e cerne dunha das comunidades máis vixosas da diáspora galega, semella un lugar de encontro especialmente propicio para a celebración deste **XI Congreso da AIEG “Os estudos galegos ante o cambio social e cultural: identidades na fronteira, emigración e exilio”**. O Congreso busca servir de plataforma desde a que contribuír a desenvolver unhas liñas de diálogo de carácter transversal e transdisciplinar sobre Galiza, facéndoa extensíbeis a outros ámbitos periféricos e de minorías, e ao marco global en xeral.

Pola súa mesma orientación temática, un dos obxectivos do Congreso é achegar elementos que propicien unha escoita sensíbel das transformacións que tanto Galiza como o mundo están a experimentar neste momento histórico. Nun intre no que se están a producir fondas transformacións económicas e políticas que convidan a repensar as fronteiras existentes, incluídas as do coñecemento, coidamos que forma parte da responsabilidade da AIEG estreitar cada vez máis as pontes entre o medio académico e a sociedade civil. En estreita solidariedade con este propósito, o XI Congreso da AIEG propoñerá actividades especificamente orientadas a activar o diálogo e o intercambio de ideas.

### **1. ÁMBITOS DE ESTUDO**

O XI Congreso da AIEG persegue converterse en plataforma desde a que facer un balance do estado dos estudos académicos internacionais e galegos sobre as liñas **de investigación que, dentro do ámbito xeral dos estudos galegos, se adscriban á orientación temática do encontro**. A dinámica habitual dos Congresos da AIEG permite o establecemento dun

diálogo entre aqueles traballos realizados por especialistas provenientes de fóra do país, con aqueles outros desenvolvidos dentro do sistema académico e científico galego.

O principal obxectivo do XI Congreso da AIEG é contribuír ao proceso de apertura dos estudos galegos á análise dos fenómenos de transculturalidade e dos procesos de cambio social e cultural, tanto por medio da atención a obxectos culturais emerxentes como por medio da adopción de ferramentas de análise que favorezan as perspectivas comparadas.

Entre outros posibles ámbitos e perspectivas de estudo, o Congreso atenderá aos seguintes campos:

*Dereito, Economía, Política, Filosofía, Socioloxía, Educación, Arquitectura, Belas Artes, Audiovisual, Artes Plásticas, Deportes, Turismo, Musicoloxía, Historia da Arte, Estudos Culturais, Estudos de Tradución, Literatura Comparada, Estudos migratorios e de fronteira, Antropoloxía, Etnografía, Gastronomía, Ciencias da Comunicación, Tecnoloxías da Información, Ciencias da Saúde, Ciencias Naturais e Ecoloxismo, Teoría Feminista, Estudos de xénero, Estudos Queer, Estudos poscoloniais e das minorías, Literatura, Historia e Xeografía, Lingüística e Lingua galega.*

## **2. PROPOSTAS DE RELATORIOS**

A AIEG solicita **propostas de relatorios** para o XI Congreso Internacional que terá lugar en Bos Aires, capital de Arxentina, dos días 6 ao 8 de abril de 2015. O tema do congreso será **“Os estudos galegos ante o cambio social e cultural: identidades na fronteira, emigración e exilio”**, e as propostas deberán estar preferentemente enmarcadas nalgún dos seguintes paneis:

- **PANEL 1. Fenómenos de transculturalidade e hibridación: unha abordaxe multidisciplinar**
- **PANEL 2. Literatura e movementos migratorios: diáspora e exilio**
- **PANEL 3. O estudo do nacionalismo nos novos contextos globais**
- **PANEL 4. Os procesos de cambio social e a reconfiguración das identidades culturais**
- **PANEL 5. Contacto de linguas: variación e cambio lingüístico, multilingüismo e hibridación**
- **PANEL 6. Transculturalidade e tradución: as prácticas tradutivas en situación de conflito**

As propostas para relatorios deben enviarse antes do **30 de setembro** por correo electrónico a [secretariaAIEG@gmail.com](mailto:secretariaAIEG@gmail.com) incluíndo os seguintes datos:

- **PANEL no que se inscribe a proposta (dos 6 anteriores)**
- **título do relatorio,**
- **nome, afiliación e correo electrónico do autor/a,**
- **resumo da proposta** (máximo 300 palabras),
- **5 palabras chave,**
- **5 referencias á bibliografía esencial,**
- **breve biografía do autor/a** (máximo 100 palabras)
- **información sobre o equipamento necesario** (ordenador, proxector, audio, vídeo, etc).
- Todo isto, redactado en Times New Roman ou semellante, tamaño 12 e espazo 1,5.

O tempo destinado a cada relatorio será estritamente de 20 minutos, e este factor deberase ter presente á hora de redactar a proposta.

### 3. PROPOSTAS DE PANEIS

A AIEG solicita así mesmo **propostas de PANEIS** para o XI Congreso Internacional sobre calquera outro tema relacionado cos estudos galegos que, na medida do posíbel, se adscriba á orientación temática do encontro titulado “**Os estudos galegos ante o cambio social e cultural: identidades na fronteira, emigración e exilio**”.

Cada panelista debe enviar a súa proposta de panel con 3-4 relatores/as confirmados antes do **30 de setembro** a [secretariaAIEG@gmail.com](mailto:secretariaAIEG@gmail.com) incluíndo a seguinte información:

- **título do PANEL,**
- **nome, afiliación e correo electrónico da/do panelista**
- **resumo da proposta do panel**
- **información sobre cada un dos relatorios que compoñen o panel, incluíndo a seguinte información:** título de cada relatorio; nome, afiliación e correo electrónico de cada relator/a; resumo de cada unha das propostas (máximo 300 palabras); breve biografía de cada participante no panel (máximo 100 palabras); información sobre o equipamento necesario para a exposición.
- Todo isto, redactado en Times New Roman ou semellante, tamaño 12 e espazo 1,5.

O tempo destinado a cada relatorio será **estritamente** de 20 minutos para paneis de tres relatores/as e de 15 minutos para os casos de paneis de catro participantes, e este factor deberase ter presente á hora de redactar a proposta. Destinaranse entre 20 e 30 minutos ao coloquio de cada un dos paneis.

### 4. LUGAR DE CELEBRACIÓN DO CONGRESO

O congreso terá lugar na **UNIVERSIDAD NACIONAL DE SAN MARTÍN** (Bos Aires), do luns 6 ao mércores 8 de abril de 2015. Contémplase dentro do **PROGRAMA LECTURA MUNDI** de dita universidade.

Entregarase diploma acreditativo de participación no congreso a asistentes con e sen comunicación, emitido pola Asociación Internacional de Estudos Galegos e o Programa Lectura Mundi / Universidad Nacional de San Martín, Bos Aires (Arxentina).

### 5. LINGUA DO CONGRESO E SELECCIÓN DE PROPOSTAS

A lingua oficial do congreso será o galego, aínda que se admitirán comunicacións noutras linguas de uso habitual na comunidade científica.

O comité organizador do congreso, co asesoramento do comité científico, será o responsábel de revisar e seleccionar as propostas recibidas, así como de notificar a súa aceptación ao longo do mes de outubro de 2014.

### 6. CALENDARIO PARA ENVÍO DE PROPOSTAS E MATRÍCULA

**Envío de propostas de comunicación e propostas de paneis:**

Deben enviarse a [secretariaAIEG@gmail.com](mailto:secretariaAIEG@gmail.com) antes do **30 de setembro** de 2014

### **Notificación de aceptación:**

A notificación da aceptación de comunicacións realizarase antes de finais de outubro de 2014.

### **Pagamento de matrícula:**

Unha vez se reciba a notificación de aceptación das propostas, as persoas participantes poderán proceder á súa matrícula no congreso, habilitándose dous prazos:

- Primeiro prazo para pagamento con desconto (até o 31 de decembro de 2014)
- Segundo prazo para pagamento íntegro da matrícula (até o 28 de febreiro de 2015).

## **7. TAXAS DE MATRÍCULA**

Hai distintas taxas de matrícula, en función do tipo de participación no congreso:

- *Asistentes que participan sen comunicación: gratis (inscripción obrigatoria)*
- *Asistentes con comunicación:*

#### **PAGAMENTO CON DESCONTO: até 31 de decembro de 2014**

- RESIDENTES EN ARXENTINA: 25€
- SOCIAS/OS (deberán estar ao corrente nos pagos das cotas das anualidades correspondentes a 2014 e 2015): 50 €
- NON SOCIAS/OS: 150 €

#### **PAGAMENTO ÍNTEGRO: até 28 de febreiro de 2015**

- RESIDENTES EN ARXENTINA: 35€
- SOCIAS/OS (deberán estar ao corrente nos pagos das cotas das anualidades correspondentes a 2014 e 2015): 70 €
- NON SOCIAS/OS: 210 €

- Habará os seguintes **DESCONTOS** aplicábeis sobre todas as matrículas:
  - Persoas desempregadas: 50%
  - Estudantes de posgrao: 50%
  - Estudantes de grao: 70%

### **INSCRIPCIÓN NO CONGRESO:**

Difundiremos o impreso de inscrición no congreso no mes de outubro, unha vez pechado o prazo para o envío de propostas de participación.

Para máis información sobre como **ASOCIARSE Á AIEG** (cota anual de 30 euros, e de 20 euros ao ano para estudantes), enche o formulario en <http://estudiosgalegos.org/asociate.php> ou contacta directamente coa tesoureira, Elisa Fernández Rei en [tesoureriaAIEG@gmail.com](mailto:tesoureriaAIEG@gmail.com)

## 8. COMITÉ CIENTÍFICO

Xurxo Mariño (Universidade da Coruña)  
Margarita Ledo Andión (Universidade de Santiago de Compostela)  
Carsten Sinner (Universidade de Leipzig)  
Gabriel Rei-Doval (Universidade de Wisconsin-Milwaukee)  
María Rosa Lojo (Universidade do Salvador-Conicet)  
Burghard Baltrusch (Universidade de Vigo)  
Kathleen March (Universidade de Maine)  
Kirsty Hooper (Universidade de Warwick)  
Rosario Álvarez (Instituto da Lingua Galega, Universidade de Santiago de Compostela)

## 9. ACTIVIDADES ACADÉMICAS COMPLEMENTARIAS

Desde a organización do congreso estamos a traballar nun programa de actividades académicas complementaria, coa colaboración do Consello da Cultura Galega e da Real Academia Galega. Máis información no mes de setembro.

### ▪ Conferencias plenarias confirmadas:

**María Rosa Lojo**, Universidad del Salvador/Conicet, Arxentina

**Silvia Dolinko**, Universidad de Buenos Aires/Conicet/Universidad Nacional de San Martín

**Conferencia de clausura** a cargo dun/ha representante da Real Academia Galega

### ▪ Ciclo de diálogos confirmados, arredor dos temas:

Consistirán nun relatorio de arredor de 45 minutos presentado por un/ha especialista de recoñecido mérito e, a continuación, polo diálogo entre relator/a e participantes de ambos os lados do Atlántico, tamén convidados.

1. **ASOCIACIONISMO ÉTNICO E IDENTIDADE** (financiado polo Consello da Cultura Galega)
2. **BUENOS AIRES, CAPITAL DA CULTURA GALEGA** (financiado polo Consello da Cultura Galega)
3. **NOVOS HORIZONTES PARA OS ESTUDOS GALEGOS NUN MUNDO GLOBALIZADO**

### ▪ Obradoiro sobre “Poesía, xornalismo e activismo en Avelino Díaz”

## OBRADOIRO SOBRE AVELINO DÍAZ

Entre estes temas, celebrarase o **OBRADOIRO “POESÍA, XORNALISMO O E ACTIVISMO EN AVELINO DÍAZ”**, coordinada por **Benigno Fernández Salgado**, que consistirá nunha sesión centrada na figura do autor galego Avelino Díaz, cun papel central (malia que non abondo recoñecido) no exilio bonaerense.

As propostas que queiran enmarcarse dentro deste obradoiro deben adecuarse ás mesmas regras que o resto de propostas e enviarse a [secretariaAIEG@gmail.com](mailto:secretariaAIEG@gmail.com) e [bfsalgado@gmail.com](mailto:bfsalgado@gmail.com) antes do 30 de setembro, se ben o autor ou autora debe indicar **EXPRESAMENTE** que desexa que a súa proposta se inscriba na celebración deste obradoiro. En todo caso, a AIEG difundiu unha **CHAMADA A COMUNICACIÓNS PARA O OBRADOIRO SOBRE AVELINO DÍAZ** de maneira independente, co afán de lograr a máxima participación.

## 10. **INFORMACIÓN IMPORTANTE:** PROGRAMA DE BOLSAS PARA ESTUDANTADO

Haberá un programa de bolsas para contribuir a sufragar os gastos de asistencia ao XI Congreso da AIEG por parte do estudantado, en base a criterios académicos.

- O orzamento para bolsas é de 3000€, que serán outorgadas en concorrencia competitiva. O importe máximo por axuda concedida terá en conta a rexión de procedencia do/a estudante e será dun máximo de 800€. O pagamento da bolsa efectuarase con posterioridade ao congreso, tras a recepción de xustificantes de gastos relativos a matrícula, viaxe, hospedaxe ou manutención.
- Concederanse 4 BOLSAS para cubrir os gastos de matrícula de estudantado, financiadas pola propia AIEG.

Os criterios de concesión das bolsas, así como o procedemento para a súa solicitude están recollidos no documento “BOLSAS PARA ASISTENCIA AO XI CONGRESO DA AIEG”, difundido pola AIEG.

O estudantado que queira optar a recibir estas bolsas, debe enviar o FORMULARIO que atopará no documento “BOLSAS PARA ASISTENCIA AO XI CONGRESO DA AIEG” (cumprimentando todos os datos solicitados) **ao mesmo tempo** que envía a súa proposta de comunicación, sempre antes do 30 de setembro, a [secretariaAIEG@gmail.com](mailto:secretariaAIEG@gmail.com). As notificacións de concesións das bolsas faranse a finais de outubro.

## 11. PROGRAMA DE ALOXAMENTO

Desde a organización estamos a traballar nun programa para ofrecer unha rede de aloxamento en casas de particulares con residencia na cidade de Bos Aires. As bases da convocatoria e criterios de elección faranse públicos no outono, canda a apertura de prazo para inscrición no congreso.

Tamén estamos a negociar prezos especiais en hoteis da cidade para as/os participantes no congreso. Ofreceremos máis información nos vindeiros meses.

## 12. PROGRAMA CULTURAL

Programaranse actos culturais e de lecer. Máis información no outono.

## 13. COMITÉ ORGANIZADOR

<b>Presidenta:</b>	DÉBORA CAMPOS, Universidad de Buenos Aires
<b>Tesoureira:</b>	ELISA FERNÁNDEZ REI, Universidade de Santiago de Compostela
<b>Secretarixs:</b>	MARIELA SÁNCHEZ, Universidad Nacional de la Plata GABRIEL PÉREZ DURÁN, Ruprecht-Karls-Universität Heidelberg OLGA CASTRO, Aston University – Birmingham
<b>Vogais:</b>	MARÍA DO CEBREIRO RÁBADE, Universidade de Santiago de Compostela ANDREA COBAS, Universidad de Buenos Aires HERNÁN DÍAZ, Universidad de Buenos Aires JOHN PATRICK THOMPSON, Montana State University CARMEN MEJÍA, Universidad Complutense de Madrid RUY FARÍAS, Universidad Nacional de General Sarmiento – CONICET / Museo da Emigración Galega na Arxentina

## 14. PUBLICACIÓN

Unha **selección** das mellores contribucións publicarase nunha ou varias **publicacións independentes**. Esta selección levarase a cabo por parte do comité científico e daquelas e daqueles especialistas que a organización do congreso nomee.

## 15. MÁIS INFORMACIÓN

Toda a información sobre o XI Congreso da AIEG “A cultura galega e os procesos de cambio social: identidades na fronteira, emigración e exilio” está dispoñíbel na páxina web do Congreso: [http://estudiosgalegos.wix.com/congreso\\_bosaires](http://estudiosgalegos.wix.com/congreso_bosaires)

Para máis información:

Elisa Fernández (tesoureira): [tesoureriaAIEG@gmail.com](mailto:tesoureriaAIEG@gmail.com)  
Mariela Sánchez, Gabriel Pérez e Olga Castro (secretaría): [secretariaAIEG@gmail.com](mailto:secretariaAIEG@gmail.com)

Coa colaboración de:



**UNSAM**  
UNIVERSIDAD  
NACIONAL DE  
SAN MARTÍN



CONSELLO  
DA CULTURA  
GALEGA



REAL ACADEMIA GALEGA

## OUTRA DOCUMENTACIÓN RELEVANTE

Xunto a esta segunda circular menciónase outra documentación relevante que está a ser difundida de maneira independente:

- Chamada a comunicacións para o obradoiro “POESÍA XORNALISO E ACTIVISMO EN AVELINO DÍAZ”
- BOLSAS PARA ASISTENCIA AO XI CONGRESO DA AIEG